


Realiza as actividades:

1.- A partir da figura, contesta:

- a) A que impacto se refiren ambas imaxes?
- b) Indica as principais zonas afectadas, causas e posible consecuencias.



2.- a) A partir da táboa, calcula o Grado de erosionabilidade dun terreo (Gr), que oscila entre 0 (nulo) e 1 (máximo), a partir da fórmula:

$$Gr = 1 - Ip \text{ (onde } Ip \text{ é o índice de protección vexetal).}$$

b) Saca conclusións sobre a influencia da vexetación e da pendente na perda de solo.

Cuberta vexetal	Pendente	Ip	Gr = 1- Ip
Bosque denso	Calquera	1,0	
Pastizal	Menor 8%	1,0	
	Entre 8 - 30 %	0,9	
	Maior 30%	0,6	
Cultivos sen protección	Menor 8%	0,9	
	Entre 8 - 30 %	0,5	
	Maior 30%	0,0	

3.- Indica se son Verdadeiras ou Falsas:

- a) Os solos pouco desenvolvidos carecen de horizonte B
- b) O clima e o relevo son factores de edafoxénese
- c) Os principais nutrientes minerais das plantas son carbono e nitróxeno
- d) Os solos volcánicos son pouco fértiles
- e) Os solos salinos son fértiles
- f) O humus está formado por materia orgánica
- g) A agricultura ecolóxica baséase nos monocultivos
- h) As lateritas son tropicais pobres en humus

4.- Como se poden corrixir a acidez e a baixa fertilidade dos solos agrícolas?

Solucións:

1.- a) A figura recolle a perda de cobertura vexetal ou deforestación a nivel mundial, que se iniciou xa dende tempos primitivos, especialmente a partir da revolución neolítica, cando o ser humano pasa de ser recolector a produtor de alimentos, co desenvolvemento da agricultura e gandería.

b) A perda de vexetación afecta a todos os continentes, comezou afectando aos bosques temperados de Europa e Asia, pero agora as zonas máis deforestadas son as rexións tropicais (Sudeste asiático, África, América Central e do Sur).

As causas da deforestación son variadas, dende obter terreo para pastos e cultivos, ata a explotación de recursos como leña, madeira ou papel, e mesmo a urbanización dos terreos para minería, construír cidades ou vías de comunicación.

As consecuencias afectan a todos os sistemas terrestre, destacando: aumento da erosión do solo e da desertificación, redución da biodiversidade, aumento do efecto invernadoiro, destrución de ecosistemas acuáticos pola chegada da terra erosionada, e aumento do risco de inundación e fenómenos de aba.

2.- a)

Cuberta vexetal	Pendente	Ip	Gr = 1- Ip
Bosque denso	Calquera	1,0	0 nulo
Pastizal	Baixa 8%	1,0	0 nulo
	Media 8 - 30 %	0,9	0,1 mínimo
	Alta 30%	0,6	0,4 medio
Cultivos sen protección	Baixa 8%	0,9	0,1 mínimo
	Media 8 - 30 %	0,5	0,5 medio
	Alta 30%	0,0	1,0 máximo

b) A erosionabilidade dun solo é a facilidade coa que pode ser mobilizado, e vén condicionada por varios factores, como tipo de terreo, pendente e cuberta vexetal. No exercicio podemos comprobar a influencia destes dous últimos, así a existencia dunha boa cuberta vexetal, como o bosque denso, protexe completamente ao solo da erosión, e o risco vai ser nulo en calquera caso, polo que non inflúe o factor pendente, pero se a cuberta vexetal é baixa ou inexistente, a pendente xa vai adquirir importancia no grao de erosión, que irá en aumento a medida que a pendente se fai máis forte, polo que nestes casos ambos factores van determinar o valor.

3.-

a	b	c	d	e	f	g	h
V	V	F	F	F	V	F	V

4. Mediante encalado e abonado. O encalado é a mellor solución para corrixir a acidez dos solos. Consiste en aplicar carbonato cálcico moído que neutraliza o pH ácido. A maioría dos solos ácidos débense á composición da rocha nai (granitos, cuarcitas) ou a outros factores como o lavado excesivo por precipitacións elevadas, como no caso dos solos tropicais. Os solos ácidos son pouco axeitados para o crecemento de moitas plantas, polo que é necesario corrixilo para moitos cultivos.

O abonado con substancias orgánicas como esterco, compost ou con fertilizantes químicos, sobre todo fosfatos, nitratos e potasio, que son os principais nutrientes minerais que necesitan as plantas, é o método principal para aumentar a dispoñibilidade de nutrientes ou fertilidade do solo. O abonado orgánico produce menos impactos ambientais que o uso de fertilizantes químicos, que pode derivar en eutrofización das augas, contaminación de auga subterránea e desnitrificación.